



MESA DE CONTRATACIÓN

Exp. **SU 03/2016** CONTRATACIÓN, POLO PROCEDEMENTO ABERTO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA PARA A SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DUNHA CALDEIRA DE PELLET PARA O INSTITUTO GALEGO DA CALIDADE ALIMENTARIA NO CENTRO DE INVESTIGACIÓNS FORESTAIS DE LOURIZÁN (CIFL) COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER-GALICIA 2014-2020. CONTRATACIÓN "DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA"

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA (Núm. 6)

Data: 27.09.2016

Lugar: Sala de Xuntas da Consellería do Medio Rural, Edif. San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela

Hora de inicio: 14:00 h

Hora de remate: 14:30 h

ASISTENTES:

Presidente: Manuel López Luaces, director del centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

Secretario: Alfonso Ribas Álvarez, secretario técnico do Ingacal

Vogal interventor: Eloy Mene Paz

Vogal xurídico: Juan José Lois Barcia

Vogal: Sergio Frade Castro, Técnico de Apoio de Divulgación Agroforestal, Centro de Investigación Forestal de Lourizán

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta número 5.
2. Revisión da documentación presentada polos licitadores seleccionados.

ACORDOS

Os membros asistentes designados, en virtude da Resolución da Presidencia do 24 de abril de 2013 (DOG de 3 de maio de 2013), de delegación de competencias da presidencia na persoa titular da Dirección do Instituto Galego da Calidade Alimentaria, na Resolución de 8 de agosto



de 2016 da Dirección do Ingacal para a constitución da Mesa do expediente de contratación SU 03/2016 e asistentes a esta sesión, proceden a iniciar o debate da orde do día sinalado.

1. Procédese á lectura da acta número 5 do expediente de contratación SU 03/2016, correspondente á sesión da mesa celebrada en data do 23 de setembro de 2016, e a mesa acorda a aprobación do seu contido.
2. A mesa procede á revisión da documentación aportada pola empresa PROTOSOLAR S.L.U. como empresa proposta para a adxudicación do contrato, determinado por acordo da mesa do día 23 de setembro de 2016 (acta número 5). Acórdase admitir a documentación presentada.
3. A mesa acorda propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato do expediente 03/2016 á empresa PROTOSOLAR S.L.U.
4. A mesa acorda que, aunha vez feita efectiva a adxudicación, se dé traslado ao órgano de contratación dos feitos e actuacións das empresas ACENDE ENERXIA S.L. e PROTOSOLAR S.L.U no que atinxe aos procedementos de contratación 02/2016 e 03/2016 polas ofertas e renuncias na contratación que se produciron en ambos expedientes e que deu lugar á proposta de adxudicacións cruzadas entre ambos contratos, por se fora preceptiva a posta en coñecemento destes feitos perante o Consello Galego da Competencia por prácticas contrarias á libre competencia que puideran supoñer a inhabilitación para a contratación pública ou o resarcimento por danos e perxucios á Administración, conforme á lexislación vixente.

E sendo as 14:30 horas, do día de referencia, e tratados os asuntos da Orde do día de hoxe, o Presidente acorda levantar a sesión.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2016

O presidente



Manuel López Luaces

O secretario



Alfonso Ribas Álvarez